



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS (AIEG) PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA E DE FOMENTO DA CULTURA GALEGA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta secretaría xeral formalizou coa **Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 20/08/2018 ata o 30/11/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura, e a Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG). As partes colaborarán na organización do XII Congreso Internacional de Estudos Galegos, que terá lugar do 10 ao 15 de setembro en Madrid, baixo o título Novos horizontes para unha Galicia global: Redes, Territorio e Memoria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

Que, de acordo co Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas necesarias para garantir o uso do galego como lingua cooficial e a promoción e difusión da cultura galega.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten atribuídas as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e en promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia.

Que a AIEG é unha entidade de ámbito estatal sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, que ten como obxectivo primordial a promoción e difusión do saber científico de temática galega tanto dentro como fóra de Galicia e, como actividade principal, a organización de congresos trianuais internacionais sobre estudos galegos.

Que ambas as partes son conscientes da necesidade de colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado en 2004, co fin de estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado en 2016, para fomentar o uso do galego nos diferentes eidos sociais e económicos.

Que ambas as partes entenden a importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e sobre o fomento da cultura galega, así como da responsabilidade que nestas materias teñen todas as entidades e institucións.





Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

